



**ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA
DE OURENSE**

NON NOS PODEMOS PERMITIR NINGUNHA MORTE MÁIS DENTRO DE PRISIÓN. A PRISIÓN NON PODE SER UNHA CONDENA A MORTE.

No ámbito estatal, segundo a Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, no ano 2017 houbo 147 falecidos en Centros Penitenciarios^[1], sendo 210 en 2018. Non hai datos oficiais para o 2019, pero temos coñecemento de que en 2019 xa son 159 as persoas falecidas en prisións, 138 en centros dependentes de Institucións Penitenciarias e 21 en centros cataláns. Como o Valedor do Pobo sinalou no exercicio das súas funcións como Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura, no seu último informe, "resulta especialmente preocupante o forte incremento das mortes asociadas ao consumo de drogas (61) e tamén o lixeiro incremento do número de suicidios (33)"^[2].

Dada a dura realidade dos datos anteriores, a Comisión de Asesoramento Xurídico Penitenciario do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense (CAXPOU) e o Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense amosan o seu apoio ás posibles solucións que se sinalaron nos encontros de Dereito Penitenciario dos colexios da avogacía española celebrados recentemente en Barcelona "XXI Jornadas de Servicios de Orientación y Asesoramiento Jurídico Penitenciario".

Entre elas, estaría o investigar con dilixencia tódalas denuncias por tratos inhumanos ou degradantes, coa intervención inmediata do médico forense, así como crear un rexistro transparente destas denuncias e investigar todas e cada unha das mortes producidas na prisión. Tamén sería necesario aumentar o número de visitas da inspección e do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura ás prisións e implementar sistemas de videovixilancia que sexan realmente efectivos.

Ademais, habería que formar de manera continua e especializada en prácticas restaurativas ao corpo de funcionariado dos centros penitenciarios por parte de profesionais do campo da mediación. Tamén sería axeitado a especialización e sensibilización de tódolos operadores xurídicos que teñan contacto co ámbito penitenciario. Igualmente importante sería o deseño de programas de tratamento específicos para cada persoa presa e que se destinen os recursos económicos necesarios para incorporar profesionais ao cadre de persoal sanitario penitenciario incluíndo persoal dos ámbitos da psicoloxía e a psiquiatría, que estean presentes en todas as prisións as 24 horas do día os 365 días do ano.

Por último, outra posible solución sería aplicar medidas alternativas ás penas de privación de liberdade e, especialmente, ás de longa duración. Tamén cremos que é imprescindible para a atención adecuada da poboación reclusa que, dunha vez por todas, se aborde a transferencia de competencias sanitarias en materia penitenciaria á rede pública de saúde.

Para finalizar, amosamos o noso desacordo coa proposta formulada pola Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias para contratar profesionais sanitarios sen o MIR xa que é un enfoque que nos remonta a un sistema de atención sanitaria de fai 30 anos, que perpetúa as péssimas condicións laborais da asistencia sanitaria penitenciaria e que representa un risco para as persoas presas.

Ourense a 27 de novembro de 2019



ILTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE OURENSE

COMISIÓN DE ASESORAMIENTO XURÍDICO PENITENCIARIO
ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE OURENSE

[1] http://www.institucionpenitenciaria.es/web/export/sites/default/datos/descargables/publicaciones/Informe_General_2017_acc.pdf (páx. 170).

[2] https://www.defensordelpueblo.es/wp-content/uploads/2019/09/Informe_2018_MNP.pdf (páx. 86).

